

Os cativos do Val Miñor fan a súa homenaxe a Rosalía de Castro

VENRES, 22 FEBREIRO 2013 01:19 REDACCION

O vindeiro domingo 24 de febreiro conmemórase en todo o país o Día de Rosalía de Castro, no que será o 176 aniversario do seu nacemento. No Val Miñor terá lugar un extenso programa de actividades culturais promovidas polos centros de ensino e diversos colectivos sociais que sumaranse á homenaxe a escritora fundacional. Lecturas de poemas e proxeccións de audiovisuais terán lugar en varios centros de estudo. Para o domingo 24 está convocada unha gran alborada gaitreira nas vilas e parroquias da bisbarra.



Día de Rosalía nos centros de ensino do Val Miñor.

Coa lectura de poesías de Cantares Gallegos (no 150 aniversario da súa 1ª edición) e a proxección de audiovisuais feitos por eles, os cativos dos CEIPs de Belesar (Baiona), Chano Piñeiro (Gondomar) Carlos Casares (Nigrán) e o CEP Xosé Neira Vilas (Peitíeiros) , farán o seu particular agasallo a Rosalía este venres 22 de febreiro.

A iniciativa forma parte dun convite feito pola Asociación de Escritores Galegos, que foi acollida por 73 centros de ensino de Galicia e na que participaron máis de 80 grupos de escolares.

